Semántica: campos semánticos. As relacións e os cambios semánticos

1. Emprega as palabras *mar, deserto, río, carballo*, en contextos diferentes, de modo que nuns casos presenten connotacións negativas e noutros positivas.

2. Explica os estereotipos que se asocian a palabras como *avogado, mariñeiro, profesor, detective, albanel*.

3. Propón 15 exemplos para o campo semántico das *prendas de vestir*. Trata de establecer unha clasificación. Para iso, emprega semas distintivos do tipo 'con mangas', 'sen mangas', 'interior', 'exterior', 'masculina', 'feminina', etc.

4. a) Fíxate no seguinte conxunto de palabras e organízaas en campos semánticos. Hai cinco campos distintos: *afluente, andel, armario, arroio, atallo, autoestrada, autovía, avenida, avó, banco, banqueta, cadeira, camiño, canle, carreiro, castiñeiro, cerdeira, chopo, ciprés, corredoira, corrente, curmán, estrada, figueira, irmá, lámpada, levada, limoeiro, loureiro, nogueira, nora, pai, regato, ría, río, rúa, ruela, salgueiro, senda, sofá, sogro, tallo, tío, torrente, verea, vía, xenro*.

b) En cada un dos seguintes campos semánticos hai unha palabra que non corresponde porque non ten ningún trazo común co resto. Localiza e subliña esta palabra:

• Alfaia, prata, anel, sortella, reloxo, acibeche, améndoa, colar, cadea, xema, ourive
• Martelo, serra, cravo, lóstrego, berbequí, tenaces, trade, tronzón, pa, machado
• Raposo, xabaril, coello, ovella, esquío, balea, golfiño, cervo, camelo, fiúncho

5. Na seguinte relación atoparás unhas parellas de palabras sinónimas e outras antónimas. Detéctaas: *aboiar, abraio, acedo, afrouxar, aloumiño, apertar, asombro, baleiro, bo, caricia, cheo, confabulación, conxura, costas, desacougo, destreza, doce, dorso, emendar, empurrar, enfermo, esquecer, flotar, humildade, lembrar, malo, maña, modestia, rectificar, san, sosego, tirar*.

6. a) Volve escribir as frases seguintes substituíndo a palabra destacada por un antónimo:
- Hoxe vai moito **frío**.
- Véxote **triste**.
- A casa está **lonxe** da estrada.
- Este exercicio non é **doado** de facer.
- Cando chegamos era **cedo**.

- **Deitouse** á tardiña.
- **Merca** todo o que poidas.
- Non me gusta o café **frío**.

6 b) Volve escribir as frases seguintes substituíndo a palabra destacada por un **sinónimo**.
- Regaláronme uns **guantes** de la.
- Mándoche un forte **abrazo**.
- Limos a noticia nun **periódico** estranxeiro.
- Ti podes sentar nesa **butaca**.
- Non puidemos conter as **lágrimas**.
- Xosé vai **comprar** un vello muíño.

7. a) Procura información sobre a diferenza de significado que se produce entre estas parellas de sinónimos: angazo / anciño, raposo / golpe, arume / frouma, estadullo / fungueiro.

7. b) Indica a acepción en que realmente son sinónimas as parellas de palabras seguintes, e constrúe un exemplo significativo: crédito / creto, escada / escala, fogo / lume, medicina / menciña, deica / ata, último / derradeiro, empezar / encetar.

8. Se buscamos no dicionario a palabra **cabo**, atopamos os seguintes significados:

1. Extremo, parte final dunha cosa.
2. Parte saínte da costa que penetra no mar.
3. Calquera corda en terminoloxía mariñeira.
4. Mango. Parte dun instrumento ou utensilio por onde se agarra coas mans.
5. Individuo que no exército ten a categoría inmediatamente superior á de soldado.

Como ves, este é un exemplo de palabra **polisémica.** Escribe agora ti unha frase con cada un dos cinco significados desta palabra.

9. Busca no dicionario os distintos significados das seguintes palabras homónimas e escribe unha frase con cada un destes significados:

Pregar:
Pregar:
Plano:
Plano:
Baca:
Vaca:
Bago:
Vago:

10. a) Busca un eufemismo que exista na lingua para cada unha destas palabras:
a) Criada:
b) Cárcere:
e) Parir:
f) Deus:

c) Guerra: g) Retrete:
d) Tolo: h) Vello:

10. b) Subliña as expresións eufemísticas que aparecen a continuación e explica o seu significado:

a) Esta é unha escola para rapaces con necesidades educativas especiais.
b) Teño unha dor de ventre terrible, ando de mes...
c) Esa familia vive moi apertada.
d) Os invidentes estaban no seu centro social.
e) Comeu moitas amoras e foise por si.
f) Isto é unha gaita, miña filla.
g) Ese rapaz vai por mal camiño, dígocho eu.

10. c) Forma tres grupos cos seguintes eufemismos segundo se refiran a mentir, roubar e borracheira: faltar á verdade, embriaguez, apañar, coller, ebriedade, pescada, afanar, raspiñar, tranca, chispa, ratear, ripar, coller, peixota, inventar, imaxinar, aproveitarse.

Solucións:

1. Emprega as palabras *mar, deserto, río, carballo*, en contextos diferentes, de modo que nuns casos presenten connotacións negativas e noutros positivas.

Actividade de resposta libre. Para a súa corrección, consulta co teu profesor/a.

2. Explica os estereotipos que se asocian a palabras como *avogado, mariñeiro, profesor, detective, albanel*.

Actividade de resposta libre. Para a súa corrección, consulta co teu profesor/a.

3. Propón 15 exemplos para o campo semántico das *prendas de vestir*. Trata de establecer unha clasificación. Para iso, emprega semas distintivos do tipo 'con mangas', 'sen mangas', 'interior', 'exterior', 'masculina', 'feminina', etc.

Actividade de resposta libre. Para a súa corrección, consulta co teu profesor/a.

4. a) Fíxate no seguinte conxunto de palabras e organízaas en campos semánticos.

Hai cinco campos distintos:

1- Parentesco: avó, curmán, irmá, nora, pai, sogro, tío, xenro.
2- Árbores: castiñeiro, cerdeira, chopo, ciprés, figueira, limoeiro, loureiro, nogueira, salgueiro.
3- Mobles: andel, armario, banco, banqueta, cadeira, lámpada, sofá, tallo.
4- Cursos de auga: afluente, arroio, canle, corrente, levada, regato, ría, río, torrente.
5- Vías de comunicación: atallo, autoestrada, autovía, avenida, camiño, canle, carreiro, corredoira, estrada, rúa, ruela, senda, verea, vía.

Ollo: *canle* entra no campo semántico de vías de comunicación e de cursos de auga.

4. b) En cada un dos seguintes campos semánticos hai unha palabra que non corresponde porque non ten ningún trazo común co resto. Localiza e subliña esta palabra:
• Alfaia, prata, anel, sortella, reloxo, acibeche, <u>améndoa</u>, colar, cadea, xema, ourive
• Martelo, serra, cravo, <u>lóstrego</u>, berbequí, tenaces, trade, tronzón, pa, machado
• Raposo, xabaril, coello, ovella, esquío, balea, golfiño, cervo, camelo, <u>fiúncho</u>

5. Na seguinte relación atoparás unhas parellas de palabras sinónimas e outras antónimas. Detéctaas:
Sinónimas: aboiar / flotar, destreza / maña, aloumiño / caricia, abraio / asombro, rectificar / emendar, conxura / confabulación, humildade / modestia, dorso /costas
Antónimas: cheo / baleiro, sosego / desacougo, esquecer / lembrar, doce / acedo, enfermo / san, afrouxar / apertar, malo / bo

6. a) Volve escribir as frases seguintes substituíndo a palabra destacada por un antónimo:
- Hoxe vai moita **calor**.
- Véxote **leda**.
- A casa está **preto** da estrada.
- Este exercicio non é **difícil** de facer.
- Cando chegamos era **tarde**.
- **Ergueuse** á tardiña.

- **Vende** todo o que poidas.
- Non me gusta o café **quente**.

6 b) Volve escribir as frases seguintes substituíndo a palabra destacada por un **sinónimo**.
- Regaláronme unhas **luvas** de la.
- Mándoche unha forte **aperta**.
- Limos a noticia nun **xornal** estranxeiro.
- Ti podes sentar nesa **cadeira**.
- Non puidemos conter as **bágoas**.
- Xosé vai **mercar** un vello muíño.

7. a) Procura información sobre a diferenza de significado que se produce entre estas parellas de sinónimos: angazo / anciño, raposo / golpe, arume / frouma, estadullo / fungueiro.

Actividade de resposta individual (procura de información no dicionario). Para a súa corrección, consulta co teu profesor/a.

7. b) Indica a acepción en que realmente son sinónimas as parellas de palabras seguintes, e constrúe un exemplo significativo: crédito / creto, escada / escala, fogo / lume, medicina / menciña, deica / ata, último / derradeiro, empezar / encetar.

Actividade de resposta individual (procura de información no dicionario). Para a súa corrección, consulta co teu profesor/a.

8. Como ves, este é un exemplo de palabra **polisémica.** Escribe agora ti unha frase con
cada un dos cinco significados desta palabra.

A modo de exemplo:
1. No cabo do discurso se dará opción de facer as preguntas oportunas ao auditorio.
2. Cando o barco chegou ó cabo de Gata todos os pasaxeiros estaban xa mareados pola marusía.
3 .Os mariñeiros non puideron atar con tempo os cabos e a barcada caeu pola borda do barco.
4. Os obreiros non foron quen de coller o cabo da ferramenta e, ao caer esta ao chan, rompeu a baldosa.
5. Aquel cabo tiña o costume de poñer nun apuro ós soldados que chegaban por primeira vez.

9. Busca no dicionario os distintos significados das seguintes palabras homónimas e escribe unha frase con cada un destes significados:

As frases achéganse a modo de exemplo:
Pregar: Dobrar unha cousa de xeito que unha parte dela quede sobre a outra. Frase: O meu home é moi descoidado, prega a roupa de calquera maneira.
Pregar: Pedir algo como favor ou graza. Frase: O orador pregou ó auditorio que gardase silencio.
Plano: Sen curvas, sen ondulacións, sen desniveis. Frase: O firme quedou plano de todo despois de pasaren a máquina niveladora.
Plano: Representación gráfica da estrutura dun edificio, cidade, rede de estradas, etc. Frase: Os turistas que andaban perdidos tiveron que mercar un plano da cidade.

Baca: Especie de plataforma que se instala na parte superior dos vehículos para transportar equipaxes. Frase: Cando baixaron as maletas da casa decatáronse de que non cabían na baca do coche.
Vaca: Mamífero da soborde dos ruminantes, femia do touro, que se cría para aproveitarlle o leite, a carne e a pel. Frase: Cando estaba a limpar a corte a vaca deulle un couce que case o mata.
Bago: Uva, considerada individualmente. Frase: Este ano a colleita dos acios deu uns bagos moi pouco saborosos.
Vago: Que non é amigo de traballar, que se dá á vagancia. Frase: Como sigades sendo tan vagos non aprobaredes ningunha materia do curso.

10. a) Busca un eufemismo que exista na lingua para cada unha destas palabras:
a) Criada: servente, señora da limpeza, doméstica, moza, asistenta, recadeira, etc.
b) Cárcere: penitenciaría, penal, correccional, presidio, galera, prisión, cela, pena, arresto, catividade, reclusión, centro penitenciario
c) Guerra: acción bélica, hostilidade, operacións, conflito, acometida, ataque, contenda, etc.
d) Tolo: desequilibrado, excéntrico, perturbado, trastornado, insán, desvariado, etc.
e) Parir: dar a luz, concibir, procrear, alumear, traer ao mundo, etc.
f) Deus: señor, creador, salvador, todopoderoso, altísimo, omnipotente, ser supremo, salvador, etc.
g) Retrete: escusado, baño, aseo, latrina, inodoro, urinario, servizo, privado, váter, peza, etc.
h) Vello: veterano, maduro, ancián, avó, lonxevo, octoxenario, nonaxenario, centenario, maior, patriarca, entrado en anos, etc.

10. b) Subliña as expresións eufemísticas que aparecen a continuación e explica o seu significado:
Actividade de resposta libre. Para a súa corrección, consulta co teu profesor/a.

10. c) Forma tres grupos cos seguintes eufemismos segundo se refiran a mentir, roubar e borracheira:

Mentir: faltar á verdade, inventar, imaxinar

Roubar: apañar, coller, afanar, raspiñar, ratear, ripar, coller, aproveitarse.

Borracheira: embriaguez, ebriedade, pescada, tranca, chispa, peixota.